

ONDE HAI UNHA BIBLIOTECA | HAI UNHA LUZ

ABRE AS PORTAS e entra. Entra neste espazo que agarda por ti, neste ámbito onde cada palabra é un don que recibimos como agasallo. Percorre todos os recantos desta casa da liberdade, respira este aire que non sabe de fronteiras, déixate levar polo río de recendos que anuncia os tesouros da biblioteca. Estamos nun lugar especial, sería imposible confundilo. Desde o ceo debe de verse como un punto de luz brillando coa intensidade maior, como un aleph que contén a memoria e os soños da humanidade. Unha luz, si. Unha luz que escintila coma un faro entre as tebras, co rítmico latexar dun corazón inmenso que expande ondas de liberdade e de esperanza polo territorio que a circunda. Quizais poderíamos seguir vivindo se nos faltase este aire que fai vibrar todas as células do noso corpo, se cadra as persoas continuaríamos coa nosa existencia rutineira se non existise a biblioteca, mais algún lugar decisivo faríala baleiro no noso corazón. Faltaríanos a enerxía que nos fai desexar unha vida mellor, unha cidadanía máis libre, unha sociedade máis xusta. Doeríanos non escoitar a voz das persoas que sufriron a historia e a das que a sofren agora mesmo; sería insoportable oír só as palabras dos que tentan dirixir e controlar as nosas vidas. Para que isto non suceda, abre as portas e entra. Ábreas sempre, todas as portas, pois cada vez que o fas incorpórate ao río subterráneo que alimenta a biblioteca, ao torrente de liberdade que a fai vivir e lle dá azos renovados.

ABRE OS LIBROS e mergúllate na auga da vida que abrolla irrimible desde as súas páxinas. Déixate arrastrar pola ferverza de voces, de linguas, de recendos, de paisaxes. Non esquezas nunca o abraio que experimentamos nos anos da infancia, cando se nos revela a dimensión máxica que teñen as palabras e descubrimos que as páxinas dos libros poden conter o mundo enteiro. Como as labregas que se afanan na rebusca de espigas entre os regos despois da ceifa, tamén os escritores recollen as palabras unha a unha e elaboran con elas o humilde pan dos seus textos. Deste xeito fan que cheguen ata nós, sempre novas e sempre sorprendentes, pois os libros posúen a insólita capacidade de revivir e reinventarse en cada nova lectura. Todas as persoas necesitamos as historias, os soños, as palabras, talvez sexa unha característica inscrita no ADN da humanidade. Necesítamolas coma o comer, como beber auga, xaora que si. Para entendermos o mundo e para entendernos a nós mesmos, para soñar outros destinos, para loar os dons que a vida nos dá. Sabemos que non poderíamos vivir sen o alento da imaxinación e da creatividade, sen as palabras que expresan a variedade e a beleza dos nosos desexos e dos nosos sentimentos. Por todo iso, abramos os libros. Eles conteñen os soños, as paixóns, os medos, os amores, as risas. Nas súas páxinas habita a inmensa variedade de sentimentos e experiencias da humanidade, das persoas que viven agora en calquera lugar do mundo e das que desapareceron hai moitos anos. Os libros: ríos de palabras que se nos ofrecen con xenerosidade para axudarnos a aprender o oficio de vivir, para cambiarmos a vida e implicármonos na transformación do mundo.

ONDE HAI UNHA BIBLIOTECA HAI UNHA LUZ que traspasa todos os muros, unha luz que se fai máis intensa cando medran as persoas que a incorporan ás súas vidas. As mesmas persoas que logo, ao saíren por rúas e prazas, levarán canda elas o reflexo desa luz, a semente dese mundo novo que algún día faremos agromar. Un mundo máis solidario, máis plural, máis culto, máis xusto. Un mundo onde non se escoite a voz adormecedora dos poderosos, senón as palabras múltiples e diversas de todas as persoas que habitamos esta casa común que é o noso planeta.

Agustín Fernández Paz



amigos del
LIBRO
infantil y juvenil



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA



Plan de Fomento
de la Lectura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



OCTUBRE |
OUTUBRO | **24**

**DÍA DE LA
BIBLIOTECA**
**DÍA DA
BIBLIOTECA**

DONDE HAY UNA BIBLIOTECA **HAY UNA LUZ**

ABRE LAS PUERTAS y entra. Entra en este espacio que aguarda por ti, en este ámbito donde cada palabra es un don que recibimos como regalo. Recorre todos los rincones de esta casa de la libertad, respira este aire que no sabe de fronteras, déjate llevar por la corriente de aromas que anuncia los tesoros de la biblioteca. Estamos en un lugar especial, sería imposible confundirlo. Desde el cielo debe de verse como un punto de luz brillando con la intensidad mayor, como un aleph que contiene la memoria y los sueños de la humanidad. Una luz, sí. Una luz que ilumina como un faro entre las tinieblas, con el rítmico latido de un corazón inmenso que expande ondas de libertad y de esperanza por el territorio que la circunda.

Quizá podríamos seguir viviendo si nos faltara este aire que hace vibrar todas las células de nuestro cuerpo, quizá las personas continuaríamos con nuestra existencia rutinaria si no existiese la biblioteca, pero algún lugar decisivo quedaría vacío en nuestro corazón. Nos faltaría la energía que nos hace desear una vida mejor, una ciudadanía más libre, una sociedad más justa. Nos dolería no escuchar la voz de las personas que sufrieron la historia y la de las que la sufren ahora mismo; sería insoportable oír solo las palabras de los que pretenden dirigir y controlar nuestras vidas. Para que esto no suceda, abre las puertas y entra. Ábrelas siempre, todas las puertas, pues cada vez que lo haces te incorporas al río subterráneo que alimenta a la biblioteca, al torrente de libertad que la hace vivir y le da ánimos renovados.

ABRE LOS LIBROS y sumérgete en el agua de la vida que brota irreprimible desde sus páginas. Déjate arrastrar por el torbellino de voces, de lenguas, de olores, de paisajes. No olvides nunca la fascinación que experimentamos en los años de infancia, cuando se nos revela la dimensión mágica que tienen las palabras y descubrimos que las páginas de los libros pueden contener el mundo entero. Como las campesinas que se afanan en la rebusca de espigas entre los surcos después de la siega, también los escritores recogen las palabras una a una y elaboran con ellas el pan humilde de sus textos. De este modo hacen que lleguen hasta nosotros, siempre nuevas y siempre sorprendentes, pues los libros poseen la insólita capacidad de revivir y reinventarse en cada nueva lectura. Todas las personas necesitamos las historias, los sueños, las palabras, tal vez sea una característica inscrita en el ADN de la humanidad. Las necesitamos como el comer, como beber agua, claro que sí. Para entender el mundo y para entendernos a nosotros mismos, para soñar otros destinos, para celebrar los dones que la vida nos da. Sabemos que no podríamos vivir sin el aliento de la imaginación y de la creatividad, sin las palabras que expresan la variedad y la belleza de nuestros deseos y de nuestros sentimientos. Por todo eso, abramos los libros. Ellos contienen los sueños, las pasiones, los miedos, los amores, las risas. En sus páginas habita la inmensa variedad de sentimientos y experiencias de la humanidad, de las personas que viven ahora en cualquier lugar del mundo y de las que desaparecieron hace muchos años. Los libros: ríos de palabras que se nos ofrecen con generosidad para ayudarnos a aprender el oficio de vivir, para cambiarnos la vida e implicarnos en la transformación del mundo.

DONDE HAY UNA BIBLIOTECA HAY UNA LUZ que atraviesa todos los muros, una luz que se hace más intensa cuando crecen las personas que la incorporan a sus vidas. Las mismas personas que, más tarde, al caminar por calles y plazas, llevarán con ellas el reflejo de esa luz, la semilla de ese mundo nuevo que algún día haremos crecer. Un mundo más solidario, más plural, más culto, más justo. Un mundo donde no se escuche la voz adormecedora de los poderosos, sino las palabras múltiples y diversas de todas las personas que habitamos esta casa común que es nuestro planeta.

Agustín Fernández Paz



DÍA DE LA BIBLIOTECA | OCT SANTIAGO | 24

- 10:00 - 13:00** Maratón de Lectura en la Biblioteca Pública de Santiago, Ánxel Casal por los alumnos del CEIP López Ferreiro.
- 10:00 - 21:00** Jornada de puertas abiertas en la Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal.
- 10:30** Encuentro con los niños en el Hospital Clínico Universitario. Cuentacuentos *Bretema* en Escola Camilo Xosé Cela. Servizo de pediatría. Hospital Clínico Universitario. c/ Choupana, s/n.
- 12:30** Conferencia de *Blanca Roig*, profesora de la Universidade de Santiago de Compostela, "A Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI. Seis claves para "entendela mellor" en IES Rosalía de Castro. c/ San Clemente s/n.
- 18.30** Cuentacuentos a cargo de "Encontros coa Fantasía".
- 19:00** Taller de cómic por BD Banda.
- 19:30** Acto conmemorativo del Día de la Biblioteca, presidido por un representante de la Consellería de Cultura e Deporte de la Xunta de Galicia, el Director General del Libro, Archivos y Bibliotecas del Ministerio de Cultura, y el Presidente de la Asociación Española de Amigo del Libro Infantil y Juvenil.
 - Lectura del pregón por el escritor *Agustín Fernández Paz*.
 - Presentación del cartel por el ilustrador *Xosé Cobas*.
 - Entrega de libros a diferentes instituciones.

Los tres actos de la tarde tendrán lugar en la Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal. Avda. de Xoán XXIII s/n.

DÍA DA BIBLIOTECA | OUT SANTIAGO | 24

- 10:00 - 13:00** Maratón de lectura na Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal polos alumnos do CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela.
- 10:00 - 21:00** Xornada de portas abertas na Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal.
- 10:30** Encontro cos nenos no Hospital Clínico Universitario. Contacontos *Bretema* na Escola Camilo Xosé Cela. Servizo de pediatría. Hospital Clínico Universitario c/ Choupana, s/n.
- 12:30** Conferencia de *Blanca Roig*, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, "A Literatura Infantil e Xuvenil galega no s. XXI. Seis claves para "entendela mellor" en IES Rosalía de Castro. c/ San Clemente s/n.
- 18.30** Contacontos a cargo de "Encontros coa Fantasía".
- 19:00** Taller de cómic por BD Banda.
- 19:30** Acto conmemorativo del Día de la Biblioteca, presidido por un representante da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia o Director General del Libro, Archivos y Bibliotecas del Ministerio de Cultura e o Presidente da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil.
 - Lectura del pregón por el escritor *Agustín Fernández Paz*.
 - Presentación do cartel polo ilustrador *Xosé Cobas*.
 - Entrega de libros a diferentes institucións.

Os tres actos da tarde terán lugar na Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal. Avda. de Xoán XXIII s/n.